

# GABINETE TÉCNICO DE IGUALDADE



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

## Micro-pímulas formativas

(modalidade virtual)

Co financiamento de:



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PROMOCIÓN DO  
EMPREGO E IGUALDADE



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE TRABAJO  
Y ECONOMÍA SOCIAL

SERVICIO PÚBLICO  
DE EMPLEO  
SEPE

## Micro-pílulas formativas vs. Micropemes e pemes

Co obxectivo de alcanzar a igualdade entre homes e mulleres no ámbito laboral, a normativa vixente obriga a elaborar e implantar un Plan de Igualdade a todas aquelas empresas/entidades/organizacións que teñan un persoal  $\geq 50$  persoas.

E as pemes e micropemes que non alcanzan esa cifra: **non poden/deben facer nada?**

Por suposto. Teñen dúas alternativas:

1. Elaborar e implantar de forma voluntaria un Plan de Igualdade (iso si, cos mesmos requisitos que se fose obrigatorio).
2. Implantar medidas alternativas ao Plan, o que se chaman *Boas Prácticas* en materia de Igualdade.

Para orientar e axudar, fundamentalmente, a esas pequenas empresas que se atopan na alternativa 2, desde o Gabinete de Igualdade da CEG imos impartir unhas pequenas pímulas formativas que en moi pouco tempo (1/2 h) faciliten información de interese. Se as persoas asistentes desexan asesoramento ou aclaración de dúbidas sobre a materia, poden enviála ao correo [igualdade@ceg.es](mailto:igualdade@ceg.es) e o noso persoal técnico do Gabinete de Igualdade atenderaas de forma personalizada.

Decantámonos por 2 temáticas que afectan a calquera Empresa, independentemente do nº de persoas en persoal, que nos consta espertan interese en calquera organización (desta forma, servirán tanto para as Empresas que deban ou queiran implantar un Plan de igualdade, como para aquelas que non deben contar co Plan, pero que deciden implantar medidas alternativas ao mesmo).

Recompilamos boas prácticas e/o medidas xa implantadas en Empresas galegas que resulten ou resultasen eficaces para a Igualdade entre homes e mulleres nas súas organizacións, e darlles visibilidade para que outras Empresas que aínda non o fixeran teñan exemplos (reais) aos que botar unha ollada e anímense a levalas a cabo.

Estas son as pímulas que temos en carteira para setembro e outubro. Serán un total de 6 sesións, unha semanal, **os xoves** (de 9:30h a 10h), **en modalidade virtual**.

A 1ª o 22 de setembro e 6ª o 27 de outubro.

**A. Protocolo de acoso.** Deben telo, obrigatoriamente, TODAS as empresas con persoal por conta allea. Que é, tipos de acoso e exemplos.

**B. Compendio de medidas** a implantar nas empresas que supoñen *Boas Prácticas* en materia de Igualdade (por áreas)

Pímulas e contidos		Días	Horario
<b>A. Protocolo de acoso.</b>		<b>22 sept</b>	9:30-10h
<b>B. Compendio de medidas por áreas</b>			
1	Proceso de selección e contratación	<b>29 sept</b>	9:30-10h
2	Clasificación profesional		
3	Promoción profesional.		
4	Formación.	<b>6 oct</b>	
5	Condições de traballo, incluída a auditoría salarial entre mulleres e homes	<b>13 oct</b>	
6	Exercicio corresponsable dos dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.		
7	Infrarrepresentación feminina.	<b>20 oct</b>	
8	Retribucións		
9	Saúde laboral e Prevención do acoso sexual e por razón de sexo.	<b>27 oct</b>	
10	Transversalidade. Sensibilización en materia de igualdade.		